



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Xuntanza do COMITÉ DE SAÚDE LABORAL 27/03/2012

No día de onte tivemos reunión do Comité de Saúde Laboral onde tratamos, entre outros, os seguintes temas:

1º Recoñecementos médicos e accidentes de traballo:

A Admón. pasounos un informe con datos sobre a valoración de diversos aspectos do servizo médico da Delegación, tras o fin da campaña de recoñecementos. Chámanos a atención que, a pesar de ter recibido moitas queixas do médico con respecto ao trato co persoal, éstas non aparezan reflectidas no informe que se nos entregou polo que é importante sempre facer constar por escrito todas as incidencias que se teñan ao respecto. A AEAT infórmanos de posibles cambios no gabinete médico, xa que remata o contrato coa empresa actual o 5 de maio, polo que sairá de novo a concurso, así como que é posible que, a partir desa data xa non asine recetas como fai agora. A CIG pregunta porqué non se intenta que o gabinete médico teña un horario que abarque toda a xornada laboral, ao que se nos responde que iso non é unha prioridade nestes momentos de crise. En canto aos datos de accidentes volvemos a incidir en que, unha vez máis, o colectivo de Vixilancia Aduaneira leva un porcentaxe moi elevado, polo que se deben tomar medidas ao respecto. Insistimos en que se debe presentar unha queixa ao Concello en relación aos resbalóns do persoal da Delegación (xa levamos tres) polas losetas esvaradizas da acera do Hotel Zénit.

2º Queixas recibidas mediante o PROSAL-004

Como na xuntanza anterior nos queixáramos de que debe poñerse en coñecemento do Comité todas as queixas que se reciban, tal e como recolle a normativa, o Presidente do Comité pasou a comentar os Prosal-004 recibidos. (Lembrede que o Prosal-004 é o documento para facer chegar á Administración as incidencias que haxa en materia de saúde laboral e que se pode descargar ao través da Intranet). Entre outras, as queixas que chegaron son as seguintes:

- **Problemas coa calefacción en Santiago de Compostela e Coruña:** parece que despois de moito tempo tratando de buscar unha solución o problema xa está resolto.
- **Vixilancia Aduaneira:** queixas en canto ao horario e turnos de traballo que se responderán desde Madrid xa que aquí xa se lles fixo chegar ao responsable de Aduanas.
- **Correntes de aire na zona de Censos/Rexistro:** dado o gran número de queixas que se presentaron así como ante a evidencia dos datos rexistrados polos servizos de Prevención da AEAT na súa visita, vaise buscar unha solución, esperemos que definitiva. A idea será a de aillar esta zona mediante un peche acristalado que irá desde venda de impresos ata o posto de información direccional, cunha porta para a entrada de contribuintes e demais persoal.



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

3º Actuacións na Administración de Carballo polas filtracións do gasóleo:

Infórmanos a Administración das novas actuacións para absorber o gasóleo que, no seu momento, se filtrou ao chan. Agora están a utilizar un novo composto "sepiolita" que, en teoría, servirá para este fin. Xa veremos se a cousa vai a mellor xa que este é un dos temas recurrentes nas xuntanzas do Comité.

4º Avaliacións de Riscos do local da Campaña de Renda.

Fixéronnos entrega do informe do Servizo de prevención onde xa parece que se solucionan todas as deficiencias atopadas na visita anterior. O problema da evacuación xa queda resolto mediante a nova vía de saída e se lle buscou solución a outros que se detectaran no seu momento (luz irregular, etc).

Desde a **CIG** comentamos tamén en que é necesario un mantemento adecuado e revisión dos sumidoiros desa zona para evitar que éstos rebosen, como sucedeu hai uns días, co conseguinte problema de olores e demais.

5º Obras de adecuación do antigo garaxe da Delegación Especial:

Infórmasenos sobre a intención da AEAT de facer unha reforma do antigo garaxe para que éste se adique a arquivo. Isto sería posible mediante diversas actuacións, como a colocación dunha porta cortalumes para aillar ese espazo así como as obras pertinentes para que o ascensor poida baixar ata abaixo de todo.

Desde a **CIG** pedimos que por favor se teña en conta ao persoal que traballa habitualmente no arquivo, así como os que fan o transporte dese material, para que se recollan as súas suxestións antes de que sexa demasiado tarde.

Tamén se nos informa, moi por riba, da intención de facer obras na 5ª planta para reubicar ao persoal da 7ª (Axentes), supeditada a, en principio, facer os traslados dos arquivos correspondentes.

6º Varios:

No apartado de varios, a **CIG** comentou, entre outras cousas, o seguinte:

- Que na avaliación de riscos do Alcotán (que foi a semana pasada) o Técnico de Prevención de Madrid debería ter falado coas tres tripulacións (non soamente coa que estaba nese momento) para que recollera toda a información. Asimesmo, que a avaliación fíxose nun momento no que non se recollían as condicións de traballo habituais deste persoal, pois foi de día, cunhas condicións de mar favorables, etc, etc, o que podía supoñer que o informe non sexa todo o preciso que debería ser.
- Comentamos que é necesario facer unha revisión da instalación eléctrica da Delegación para arranxar, dunha vez por todas, o problema de carga electrostática que se da en moitas dependencias (especialmente Recadación Provincial).
- Pedimos, tamén que se revisen as portas eléctricas da entrada da Delegación Especial para evitar os golpes que se producen as veces por retardo na súa apertura así como incidencias coas persoas que transitan nesa zona.
- Comentamos tamén o recurrente problema da Aduana coa supresión da porta que da ao Porto e que dificulta en moito o traballo do persoal de Aduanas

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

WWW.CIGAEAT.COM